

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

EXTRACTO da Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2021-2022. Programa I: subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional (código de procedemento TR341K).

BDNS (Identif.): 579698.

De conformidade co previsto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Entidades beneficiarias

Os centros especiais de emprego que figuren inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG núm. 138, do 19 de xullo), sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos no capítulo II das bases reguladoras, e en particular:

a) Que formen parte do seu cadro de persoal traballadores e/ou traballadoras co tipo e grao de discapacidade establecido no artigo 5.2 da orde que establece as bases reguladoras destas axudas e que se define no punto terceiro deste extracto.

b) Que dispoña de unidades de apoio á actividade profesional e que estas teñan a composición establecida no artigo 31 das bases reguladoras.

Segundo. Obxecto e finalidade

O obxecto deste programa é subvencionar os custos salariais e de seguridade social por conta da empresa, derivados da contratación indefinida do persoal das unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos CEE.

A finalidade é promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción mediante o seu emprego nos CEE da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: ua48rdl6-ijn1-a7u7-aim3-dawcz81m5ex4



Terceiro. *Persoal destinatario final do programa*

As persoas traballadoras dos CEE con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral. Defínense así as persoas que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

Cuarto. *Contía e condicións da subvención*

As subvencións establecidas neste programa destinaranse a financiar os custos salariais e da Seguridade e Social por conta da empresa, derivados da contratación indefinida do persoal traballador das unidades de apoio á actividade profesional nos CEE.

A contía base será de 2.400 euros anuais por cada persoa traballadora apoiada, co tipo e grao de discapacidade indicados no punto terceiro, con contrato indefinido ou contrato temporal de duración igual ou superior a seis meses. Esta contía reducirase proporcionalmente en función da duración dos contratos e da xornada laboral.

Serán subvencionables os custos salariais, incluídos os da Seguridade Social correspondentes ás mensualidades que se indiquen en cada convocatoria de axudas. Nos CEE cualificados de iniciativa social, a porcentaxe máxima subvencionable será o 100 % dos custos indicados no punto precedente, e nos centros que non estean cualificados como tales subvencionarase, como máximo, o 80 %.

Quinto. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2021-2022 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M).

Sexto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase un millón douscentos mil euros (1.200.000 euros) desagregado por anualidades.

Ano 2021: catrocentos mil euros (400.000 €).



Ano 2022: oitocentos mil euros (800.000 €).

Sétimo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de setembro de 2021.

Oitavo. *Período subvencionable e xustificación da axuda*

Con cargo á anualidade de 2021 subvencionarase o período do 1 de xullo de 2021 ata o 31 de outubro de 2021.

Con cargo á anualidade 2022 subvencionarase o período do 1 de novembro de 2021 ata o 30 de xuño de 2022.

A presentación da conta xustificativa necesaria para o pagamento final das axudas do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional realizarase (detallada por anualidades) ao remate do período subvencionable, como data máxima o 30 de setembro de 2022.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

CVE-DOG: ua48rdl6-ijh1-a7u7-aim3-dawcz81m5ex4

